

Xoves, 18 de maio de 2023

Núm. 94

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### VIGO

#### Persoal, oposicións

*RECTIFICACIÓN ERRO DA RESOLUCIÓN PROVISIÓN TEMPORAL EN COMISIÓN DE SERVIZOS DO POSTO XEFE/A DO SERVIZO ADMINISTRATIVO E CONTROL ORZAMENTARIO DO CONCELLO DE VIGO*

#### ANUNCIO

A Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, con data do 9 de maio de 2023, adoptou o seguinte decreto:

Efectuar a oportuna rectificación do D.N.I. do aspirante nomeado d. O. Couce Senra, na parte dispositiva apartados segundo e cuarto da Resolución da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 26/04/23, onde dispón:

*Segundo.*- Nomear con cargo ao posto de traballo de “Xefe/a do Servizo Administrativo e Control Orzamentario” a O. Couce Senra, \*\*25026\*\*; en base ao informe da Área de Fomento e Servizos de data 31/03/23; sendo a duración da comisión de servizos a estritamente necesaria e atópase directamente vinculada á correspondente convocatoria de provisión definitiva dos postos de traballo A1 e A2. A cobertura provisional en comisión de servizos rematará unha vez resolta a respectiva convocatoria na que se atopa incluído o posto, e en todo caso dentro do prazo legalmente establecido de un ano prorrogable por outro nos termos do marco normativo de aplicación.

Debe dispor:

*Segundo.*- Nomear con cargo ao posto de traballo de “Xefe/a do Servizo Administrativo e Control Orzamentario” a O. Couce Senra, \*\*67783 \*\*; en base ao informe da Área de Fomento e Servizos de data 31/03/23; sendo a duración da comisión de servizos a estritamente necesaria e atópase directamente vinculada á correspondente convocatoria de provisión definitiva dos postos de traballo A1 e A2. A cobertura provisional en comisión de servizos rematará unha vez resolta a respectiva convocatoria na que se atopa incluído o posto, e en todo caso dentro do prazo legalmente establecido de un ano prorrogable por outro nos termos do marco normativo de aplicación.

(...)

Rectificación da parte dispositiva no apartado cuarto, onde dispón:

*Cuarto.*- Notificar a presente ao funcionario nomeado O. Couce Senra, con D.N.I.\*\*25026\*\*, ás/aos solicitantes do posto de traballo cuxa provisión se oferta, M. Gallego Calleja- D.N.I.



Xoves, 18 de maio de 2023

Núm. 94

**\*\*25026\*\***, J.C.Vázquez Míguez- D.N.I. **\*\*09014\*\***, M. Barreiro Tosar- D.N.I. **\*\*41648\*\*** e R. Meilán Sánchez- D.N.I. **\*\*32085\*\*** ; Área de Fomento e Servizos; ao persoal técnico e grupo dous da Área de Recursos Humanos e Formación, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Secretaría Xeral (Pleno e Xunta de Goberno Local) e Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos.

Debe dispor:

*Cuarto.-* Notificar a presente ao funcionario nomeado O. Couce Senra, con D.N.I.**\*\* 67783\*\***, ás/aos solicitantes do posto de traballo cuxa provisión se oferta, M. Gallego Calleja- D.N.I. **\*\*25026\*\***, J.C.Vázquez Míguez- D.N.I. **\*\*09014\*\***, M. Barreiro Tosar- D.N.I. **\*\*41648\*\*** e R. Meilán Sánchez- D.N.I. **\*\*32085\*\*** ; Área de Fomento e Servizos; ao persoal técnico e grupo dous da Área de Recursos Humanos e Formación, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Secretaría Xeral (Pleno e Xunta de Goberno Local) e Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos.

Contra a presente resolución, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

MDG/cm

Vigo, data segundo sinatura electrónica

A Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación.- María Dapena Gómez.

A Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022).- Patricia Rodríguez Calviño

